REVISTA QUINCENAL DE CRENTES GALEGOS

IRIMIA

O maior de vós sexa o máis pequeno

ANO XXXI • Nº 832 - Do 9 ao 22 de maio de 2011



Lingua galega, o río do que vimos

A foto que fala: Especial letras galegas



Adiviña que adiviñarás:
en que idioma fala a rapasa ao rapás?

O trasno Europa, Europa

Daniel López



Que nos trouxo Europa?

Pois traer, traer, trouxo ben cousas.

Non hai máis que mirar un pouco atrás: ritmo galopante, un período de glorioso subidón de prezos –desde o redondeo ao xa-somos-alemáns e imos de "shopping" aos Estados Unidos-, gastos e alegrías estimuladas que disque estaban por riba das nosas posibilidades, ladrillazo e vivenda pola nubes, bebedela de euros e superávit orzamentario con devolución de impostos aos cidadáns!!!, un inmenso sentimento de comerse o mundo, oitava potencia, exportación de multinacionais, recolonizar Latinoamérica, converter a nosa costa nunha inmensa urbanización –fantasmagórica, nestes escuros días de recesión-, permitirnos non ter fillos ou fillos perfectamente ociosos –xa están os inmigrantes-, sentírmonos absolutamente desmemoriados novos ricos, de segundas vivendas, de terceiros coches, de cuartos créditos persoais.

Unha enorme burbulla, fomentada –superfomentada- por un crédito fácil. Unha banca alegre e estimulante. E moita risa sobre a cultura do aforro dos nosos vellos, da austeridade, do calcetín, do dar valor as cousas, da precaución ante o préstamo e do pago ao contado.

Pero Europa é un sitio no que entras e tragas coas regras. Porque antes, en recesión, os estados soberanos xogaban coas chamadas políticas monetarias: depreciación da moeda, e os axustes facíanse dun día para outro. Tamén dependía de cada país a política fiscal e a posibilidade de endebedarse en épocas de crise. Agora non hai máis política monetaria cá do banco central europeo e o axuste hai que facelo ao ritmo da moeda única.

Que non nos engane Rajoy. O que está facendo Zapatero é o único que agora lle deixarían facer a el en Europa: enfraquecer o gasto público –que é o que podería axudar a reactivar o ciclo- e máis e máis recortes sociais. O problema de Zapatero estivo antes, nas alegrías do superavit e do "ya semos europeos".

As alegrías europeas agora teñen cinco millóns de nomes e apelidos, cinco millóns de parados. E, ademais, teñen outros nomes, por exemplo, o de Emilio Botín –e nunca mellor dito- un Banco de Santander que –vaia, vaia- baixou un 5% dos seus beneficios e só conseguiu no último exercicio o pobre resultado de 2.108 millóns de euros.

Poucas veces queda tan clara a conexión entre a macroeconomía e o noso pan de cada día.

Editorial O río do que vimos, o río ao que volvemos

Por que nos preocupa o que este goberno da Xunta está facendo co idioma galego?

No itinerario vital do escritor homenaxeado este ano no día das Letras, Lois Pereiro, está unha das claves. Na entrevista ao seu irmán, que publicamos hai un par de números nesta revista, indicábanos como eles foran educados en castelán, pero que chegados a ese punto onde a adolescencia quere apuntar á madurez, decidiu escribir en galego. "O río do que viñamos era o galego" dicía.

Hai moitos motivos posibles para que mulleres e homes de Galicia, chegados a un punto de inflexión da súas vidas, decidan comprometerse vitalmente co idioma matriz desta terra. A cousa pode e debe ir por aí: o futuro do galego depende de moitas decisións persoais coma esa. Porque os datos sociolóxicos e culturais non son para brincar de optimismo. Pero a capacidade de reconciliármonos coa nosa particular e diferente maneira de ser e de expresar o mundo, esa decisión persoal de moitos e moitas a un tempo, poder dar futuro ao noso pasado.

o futuro do galego depende de moitas decisións persoais

Pero esas decisións persoais teñen dúas condicións: a primeira é que o galego non sexa algo totalmente alleo. A segunda é que exista unha atmosfera de valoración positiva en torno á lingua.

Na Galicia de hoxe, para que o galego sexa familiar, debe haber ámbitos –distintos á familia e á televisión- para interiorizar como propio este idioma de noso. A escola estaba comezando a xogar ese papel clave. Era un día a día de contacto, no que nenos e nenas castelanfalantes adquirían "o roce suficiente", ademais da destreza e do coñecemento. Despois eles decidirán, libremente. Pero o que non se toca co galego nunca, malamente poderá decidir con liberdade. Velaí a falacia dos liberais.

E a segunda condición é que o ambiente social sexa de valoración positiva. Actitudes que fixeron historia, como as de Paco Vázquez ou o actual goberno da Xunta, non fan senón reforzar os prexuízos e a carga negativa contra o galego. As institucións teñen un deber exemplarizante e non poden ser neutrais nesta loita.

Rumores de esperanza



O outro día contáronme unha historia que paso a contarvos. Dá idea do moito que cambiou o mundo a mellor.

Chamemos Josefa a unha señora que nos anos 50 foi emigrante dende a súa aldea a Londres. Pasouno mal, loitou e saíu adiante. Alá botaba de menos aos seus pais. De cando en vez escribía unha carta que tardaba meses en chegar. E nas festas sinaladas con gran esforzo económico facía unha chamada telefónica que duraba un minuto e que deixaba tremendo a súa pobre economía na cidade británica.

Josefa casou cun emigrante que coñeceu alí. Regresaron. Puxeron un negocio nunha das cidades de Galicia. Tiveron fillos, loitaron xuntos e agora están orgullosos dos seus netos universitarios.

Este curso a súa neta pequena está cunha bolsa Erasmus en Londres. "Leva coidado e sentidiño" díxolle Josefa como consello.

O primeiro día que pasou a súa neta en Londres díxolle a súa filla.

- Mamá, veña a falar coa súa neta.

Josefa buliu ao teléfono e dixéronlle:

- Aí non, veña aquí xunto do ordenador.

Foi xunto dese aparello que nunca entendera e alí na súa pantalla apareceu a súa neta sorrinte. A avoa non dixo nada. As bágoas enchían a súa faciana.









A peneira

1

O Congreso *Ciencia e Espírito* trata do Reiki, que alenta en Lugo o irimego Xerardo Castedo. Convida a ser SANADORES coa transmisión de enerxía, coa imposición das mans, ao xeito das sanacións de Xesús de Nazaré e Buda. A terapia, fundada polo crego xaponés M. Usui, crea un espinazo emocional que dá paz.

2

Un grafito, anónimo, é sinal da popularización de LOIS PEREIRO, un escritor, sempre na vangarda das artes, coma mostra o vídeo de Iago Martínez: "Contra a morte", reflexo da súa loita. A poesía está a impactar na sociedade, como as "poéticasessións" da Semana da Poesía Salvaxe de Ferrol, que acenderon as rúas.

3

Ata o 30 de xuño nese espazo máxico que é o RegalXunqueira, eixe cultural de Viveiro, podemos celebrar OS NOSOS ESCRITORES, en rocha viva, coma sinal da permanencia do idioma, a pesar das treboadas actuais. Ribeira, o seu autor, é un dos promotores da plataforma de galescolas privadas para o curso 2011-12.

4

7 de cada 10 tractores teñen máis de 15 anos. Só o 6% ten menos de cinco anos, o que está a provocar moitos accidentes, e tamén un gasto escesivo de enerxía e contaminación. A Escola Politécnica de Lugo deseñou unhas fichas para loitar contra a alta SINISTRALIDADE no uso da maquinaria agrícola.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Cúmprense 125 anos da PONTE Tui-Valença, que une os pobos coma o Miño mestura as súas augas. Lembramos a Inés de Castro, cuxa historia cantou Camões nos *Lusíadas* e, Guimarães, capital cultural europea no 2012, fundada pola condesa galega Mumadona Días no s. X. No 1801 vivían 10.000 galegos en Lisboa e 12.000 vendimaban no norte; agora uns 3000 crúzana cada día para traballar.

6

Inzan ataques aos dereitos. A ONU denuncia controis policiais a inmigrantes, o Tribunal de Estrasburgo a censura á liberdade de expresión de Otegi, os bispos cataláns urxen respecto "ao xeito político no que o pobo de Cataluña quere articularse e relacionarse cos demais", socialistas de Euskadi acusan a Madrid de non legalizar os abertzales.

7

As eleccións revolveron Nixeria e Costa de Marfil. Alí pelexan -dende hai xa 9 anos- a guerrilla do norte- traballadores inmigrantes no cacao- de crenza musulmá cos fieis ao ditador católico, derrotado nas eleccións, na costa. Son froitos da desfeita colonialista europea que non cesa. Na foto, Veronique Tadjo, escritora e pintora MARFILEÑA.

8

Médicos de Lugo e Ourense viaxan a outros países a intervir enfermos. Ducias de ourensáns a través da ONG PRIMEIRO DE MAIO montaron un hospital, o máis equipado de Bolivia. Están coordinados polo pediatra Garrido Valenzuela a través das súas vacacións solidarias, que organiza dende hai 20 anos.

27891 CERVO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04
e-mail: sargadelos@sargadelos.com

O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 62 09 37/62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
e-mail: ocastro@sargadelos.com

Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com

Real,56
15003 A CORUÑA
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com

Provença, 274 - 276
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com

Zurbano, 46
28010 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30
e-mail: galeriamadrid@sargadelos.com

GALERIAS SARGADELOS

Habana, 12
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28

Rubalcava, 30 - 32
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16
e-mail: ferrol@sargadelos.com

Pza. Sto. Domingo
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13
e-mail: sargadeloslugo@terra.es

Urzáiz, 17
36201 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74
e-mail: info@galeriasargadelos.com

Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18

Pza. de España, 2
27400 MONFORTE DE LEMOS
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33
curgal@curgal.com

Conde de Fenosa, 38
32300 O BARCO DE VALDEORRAS
Teléf.: 988 - 32 05 86

Rúa Castelao, 52
36980 O GROVE
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34
espiroide@yahoo.com

Calvo Sotelo, 8
36680 A ESTRADA
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94
sargadelos@aestrada.com

Política

Pedro Pedrouzo Devesa

Listas electorais con imputados/as por corrupción

A inmensa maioría dos cidadáns non queremos que haxa imputados por corrupción nas listas electorais dos partidos. Porén, o 22 de maio, faremos caso omiso desa opinión e votaremos maioritariamente listas nas que, políticos con causas pendentes coa xustiza, pasarán a ser os nosos representantes, moitos deles ademais membros de gobernos autonómicos ou locais. Iso tamén é ideoloxía. Por que?

Todos eses votos que entregaremos nas urnas tapando o nariz son signo do que rexeitamos. Realmente, os galegos e, por extensión, os españois non rexeitamos a corrupción. Rexeitamos aos outros: os fachas, os progres ou os radicais. Votamos ideoloxicamente, porque sabemos o que non queremos. Un dos grandes éxitos da propaganda política foi conseguir que un 75% de cidadáns aproximadamente sexamos capaces de odiar unhas siglas electorais que asimilamos a unha ideoloxía *nociva*. Desde o momento en que existe un electorado cautivo, que sabes que será incapaz de votar polos outros, tes a metade do *partido* gañado. Porque saben que se no che votan a ti (poñas a quen poñas nas listas) gobernarán os outros. E iso si que non. Preferiremos un corrupto/a dos nosos ca calquera dos outros (*que seguro que son tamén corruptos/as, porque os outros todos o son ou, se non son corruptos, son uns animaliños aos que non se lles pode deixar gobernar*).

Cada partido ten o seu *espantallo* que arrepía á parroquia de enfronte. Que se os chulos engominados, que se os mentireiros, que se os separatistas que veñen coas imposicións… Os discursos afondan nos prexuízos, os faladoiros alimentanos. Paseniñamente, construímos unha democracia asentada no prexuízo, na que actuamos coma seareiros de fútbol, sen importarnos quen son os máis capacitados para gobernarnos mellor. Non nos importa: o que queremos é que gañen os nosos, igual que en Eurovisión, igual ca na Liga de Campións. Pero, quen son os nosos?



O Peto do Santo Antón

Rubén Aramburu



Coa pascua e a primavera comezan as festas por todas partes, agás onde non poden ou non lles deixan. Nesta nosa terra haiche as festas máis curiosas, e as que quedan por inventar. Hai uns días quedei medio pampo lendo o cartaz que anunciaba unha festa nunha parroquia, dicía así: "Festa da Santa Resaca" os días tal e tal, coas orquestras… que eran desas tan caras que xa non sabes se ir a bailar ou levar unha cadeira para mirar o espectáculo. No cartaz saía unha foto dun santo pequeneiro que non cheguei a identificar, o caso que empinaba unha botella de viño. Supoño que son cousa deso que chaman fotoshop, que muda a cara dunha persoa ou sácalle anos de enriba. A festa viña patrocinada polo concello, deputación e outros organismos de sempre. Non recordo que día era, supoño que non coincidirá coas eleccións.

O mesmo día escoitei un anuncio doutra festa na radio, pregoaban os actos: bombas de palenque, pasa rúas , e o máis pavero e que dicían: " á unha da tarde: misa, churrasco e empanada". Non está mal, seguro que é unha misa moi concorrida.

Boa festa foi a argallada polos de QUEREMOS GALEGO en Compotela e que ben que o pasamos. Música, palabra, e moito humor deste que sae aí ao lado, o Carrabouxo: -Señora, dígalle ao seu fillo que estude galego.- E para que?, o meu fillo vai para funcionario… Manolo Rivas leunos un poema de Lois Pereiro, Ernesto Chao contounos catro verdades: o teatro galego non ten este ano subvención da Xunta porque fan falta os cartos para un gran espectáculo no verán, dirixido por Curro Jiménez e sen ningún artista da terra. Cantaron Ugía Pedreira, Miro Casabella , Roberto Sobrado e Roi Casal, a quen se podedes non deixedes de ir a ver, porque é xenial. Moi ben tamén Pilar García Negro, e Teresa Moure. Só faltou o churrasco e a empanada, o da misa aínda que fose en galego… non eran horas.







Entrevista

Aldegunde Quiñones

Lois Pereiro estivo sempre nas marxes do canon
Antón Lopo analiza a poética de Lois Pereiro



Antón Lopo lendo a Pereiro

Antón Lopo, recente gañador do premio Manuel García Barros pola súa novela *Obediencia*, é un excelente coñecedor da obra de Lois Pereiro. Lopo, nado en Monforte, coma Lois, achéganos aos trazos máis relevantes da vida e da obra do poeta homenaxeado este ano no Día das Letras.

Cando o presidente da RAG anunciou que o día das Letras Galegas 2011 se ía adicar a Lois Pereiro, dixo que a Academia acababa de tomar unha decisión moi importante. Vostede coincide con esa apreciación?

Si, porque Lois Pereiro foi un escritor que estaba nas marxes do canon, daquilo que é apreciado pola sociedade e establecido polos seus canonistas, que adoitan ser os críticos literarios ou os filólogos. Lois Pereiro ao longo de toda a súa traxectoria, e incluso de morto, permaneceu sempre nunha barreira porosa e indefinida entre o canon e o non canon, por iso penso que importante apostar por unha persoa non excesivamente coñecida que sempre traballou dende as marxes.



Lois Pereiro por Victor Echave.

Pereiro é un autor que chega ben á xente nova?

Eu penso que é moi fácil, de feito creo que é o primeiro poeta popular, entendendo como popular un poeta que conecta coa cidadanía. Xunto con Manuel Rivas é o máis popular da súa xeración, porque fala de dous temas esenciais para todos e que vertebran a nosa vida, como son a dor e o amor.

Cales son os trazos principais da poética de Lois Pereiro?


Hai un elemento esencial, o que eu denomino o bucle da súa poesía e que para min é un dos seus aspectos máis fascinantes: unha actividade emocional, racional, intelixente e moi activa que o conduce a unas frases subordinadas e mesmo ao encabalgamento das ideas fronte a unha tranquilidade física que tamén transmite nos seus poemas. É algo que o converte nun poeta altamente suxestivo para unha lectura demorada, tranquila e falta de complexos.

Era Pereiro un poeta maldito?

Podería ser cualificado de poeta maldito se temos en conta que se consideraba herdeiro de poetas de finais do século XIX coma Baudelaire ou Rimbaud, que son considerados malditos por vivir, coma el, traballando nas marxes. Porén, hai outros que tamén poderían ser considerados malditos, coma Bouza Brey ou Manuel Antonio e que non o son.

Ao falarmos de Lois Pereiro sempre aparecen termos como expresionismo, contracultura, Alemaña... Que significado teñen na súa obra?

Monforte era un dos polos industriais de Galicia e viña dunha tradición de todo o século XX moi activa ideoloxicamente. Lois é o froito desa primeira xeración que vén do campo e se traslada a cidade e que emerxe cunhas novas perspectivas e un novo xeito de ver a cultura: militante na postura vital ou nas iniciativas ideolóxicas e non militante na pertenza a determinadas ideas políticas. Ademais, desde que empeza e estudar idiomas queda fascinado polo expresionismo centroeuropeo e por Alemaña e o escritor que máis influencia ten sobre el, o que artella a súa percepción da vida, é Thomas Bernhard,



Vostede foi un dos primeiros en ter acceso ao texto da *Conversa ultramarina*, que vai achegar ese diario á obra de Lois Pereiro?

Segundo algún dos seus estudosos é a mellor obra que escribiu Lois, unha obra onde se encabalgan os idiomas como o francés o alemán o italiano, o castelán e, sobre todo o galego, e onde tamén o fan as iconas do seu universo que son as mulleres e nomeadamente a súa compañeira, Piedade Cabo mostra has mulleres por encima de todo, e onda se pode comprender algún dos alicerces da súa poesía e sobre todo o proceso de construción do seu último libro *Poesía última de amor e enfermidade*. Aparece un gran escritor, un grande humanista, un grande observador, unha persoa ideoloxicamente moi comprometida co seu momento e capaz de ir máis alá do dogma e das convencións da súa época. El era un rebelde, un observador lúcido das entrañas da sociedade e das súas propias.

Lois é un poeta altamente suxestivo

Vostede que é de Monforte coma el, que opina da xeada e da néboa centroeuropeas das que el falaba?

Penso que é porque Monforte pode permanecer 15 días sen ver o sol e baixo a néboa, e mesmo penso que a néboa dalgún xeito configura a personalidade dos habitantes da cidade, e a forma de percibir o mundo. Hai veces que esta néboa se pode confundir co teu alento de forma que se establece un fío condutor entre o interior e o exterior a través dun mundo moi pequeno porque non ves o que tes en fronte pero, ao mesmo tempo, tan grande porque podes usar a imaxinación.

Que espera vostede deste ano dedicado a Lois Pereiro en relación a súa obra?

Eu creo que é un poeta popular e moi recoñecido, e que como escritor ten unha presenza popular moi importante que obedece á proximidade da súa obra, xa que conecta co lector. Este ano espero para el que esa mesma repercusión popular e non recollida nos libros apareza reflectida nun recoñecemento académico.

Asemblea de crentes :

José A. Martínez

Construíndo redes sociais ante a crise
Asemblea da coordinadora de crentes galeg@s

O pasado sábado 30 de abril tivo lugar en Santiago de Compostela a Asemblea da Coordinadora de Crentes Galeg@s. Coa premisa de construír redes sociais ante a crise, organizouse unha xornada de diálogo e reflexión que permitiu a participación de todos quen se achegaron, ao se combinar o tempo de traballo en pequenos grupos co do plenario xeral.

O Centro Sociocultural "Agustín Bueno" do Castiñeiriño acolleu os participantes nunha mañá calorosa. Un ambiente distendido que permitiu o reencontro e a preparación para o traballo do día.

O traballo en rede esixe acabar cos prexuízos entre os grupos



As redes. A descuberta de novos grupos e colectivos

A xornada continuou co traballo propiamente dito. Acompañados por catro colectivos, de eidos moi diferentes, que tiñan en común unha longa experiencia de traballo en rede, abordouse o significado dunha rede social e os múltiples enfoques de traballo.

Os representantes de **Verdegaia** definiron á súa asociación coma ecopacifista, galega e asemblearia. Unha asociación, de curta historia mais cun gran traballo, que tenta unir o ambiental coa preocupación social. Ao primar o activismo dos seus membros, fronte a crear estruturas sustentadas por traballadores liberados, este colectivo asume que a súa acción depende do compromiso e da estabilidade dos seus membros. A participación activa en múltiples redes permítelles reforzar o seu obxectivo de teren un maior peso social para as súas reivindicacións ambientais.

Da cidade da Coruña achegáronse dous colectivos. O primeiro deles, **Nomepisesofreghao** é un colectivo feminista onde o traballo en rede está presente dende a súa creación. Xorde no Espazo Atreu, onde as propias participantes ven a necesidade de crear un colectivo que incorpore a perspectiva feminista nos outros traballos que se estaban a facer. Dende a súa creación traballan en rede, primeiro dentro da Coruña, para posteriormente se incorporar á Rede Feminista Galega. Tres das súas principais campañas é froito deste traballo en rede: unha campaña para dignificar o traballo das empregadas de fogar; a que desenvolveron o ano pasado contra a visita do Papa; ou a que están a organizar nestes momentos sobre a nova lei da familia.

A **Rede de Dereitos Sociais da Coruña** é en si propio unha rede, un espazo, que eles mesmos cualificaron de experimental, de análise crítica da realidade, que ten como obxectivo crear formas de organización variables que permita aos diferentes grupos traballar e non ficar en guetos. Entenden o traballo en rede como un xeito de propor alternativas a un sistema político partidista que non dá resposta ás necesidades reais das persoas. Apostan por recuperar o espazo local como espazo de política, incidindo en que as loitas globais non deben facer perder a loita nos barrios e nas vilas. Por iso consideran fundamental o traballo conxunto coas asociacións veciñais.

Por último contouse coa presenza de **Altermundo**. Como explicou o seu representante, máis que un colectivo, estamos ante unha rede de colaboradores dun proxecto de comunicación alternativa. Nacido como medio de comunicación para dar unha expre-

sión ao movemento antiglobalización en clave galega, continúan a desenvolver este traballo, participando nos diferentes Foros Sociais Mundiais, axudando na actualidade a outros colectivos na creación de redes.

Ante a crise, o abatemento e o descrédito: traballo en rede

O traballo en grupos xirou arredor da situación de crise actual, do traballo de colectivos e asociacións e do enfoque que se ten do traballo en rede.

A situación de crise non se lle escapa a ninguén. O panorama actual é deprimente, sobre todo ao observar que as situacións máis graves, como a do desemprego, sempre as pagan os mesmos. Os colectivos teñen a impresión de estaren desbordados: o traballo é inxente, as posibilidades limitadas, e tense a sensación dunha certa impotencia nas accións. As análises son boas, mais cara onde camiñar? Unha crise que, para os colectivos de Igrexa, non é só económica nin política, senón tamén eclesial, ficando coa sensación de perderen moitas forzas neste tipo de conflitos.

Mais non todo é descontento. Estanse a sentar as bases para a esperanza. A consolidación de múltiples redes de colectivos e asociacións permite comprobar como grupos de temáticas e orixes diversas están a traballar en temas próximos. Afianzouse a idea de que é o momento de participar, o momento de se coordinar. O traballo en rede esixe acabar cos prexuízos. A creación de redes, como espazos para compartir, para permitir o debate, é o mellor xeito de rachar con estes prexuízos. Cómpre a cooperación e o apoio mutuo.

As redes teñen que ter un obxectivo claro e traballar en accións concretas

As redes teñen que ser capaces de organizar un discurso heteroxéneo, de traballar dende a pluralidade e superar as disputas polos detalles. As redes son un xeito de contrarrestar o descrédito que existe na actualidade cara a todos os tipos de organizacións, sobre todo para as que buscan alternativas ao sistema económico e político dominante, así como buscar unha resposta á relativa incapacidade de acceso aos medios de comunicación xeral.

Un medio necesario: un futuro con moitos retos

Houbo unha aposta clara por continuar o traballo en rede. Unha rede que é un medio necesario, mais que non se debe converter nun fin en si mesmo. Reflexionouse sobre a posibilidade que esta busca de participar en redes non sexa máis que unha escusa para ocultar a crise dos grupos. Podíase, mesmo, dar o caso que ao estar en rede se fomentase un quefacer menos participativo, xa que o que non facía un deixábao en mans da rede.

As redes son enriquecedoras. Son plataformas amplas que permiten entrar en contacto a asociacións que noutras circunstancias non poderían facelo. Mais se a vida dos grupos é difícil, a das redes aínda o é máis. Cómpre fixar un obxectivo claro, accións concretas que sirvan de base á existencia da propia rede e, sobre todo, ser realistas.

Celebrando a esperanza

Coordinada polos membros das comunidades de base de Coia, de Cristo da Victoria, pechouse a asemblea cunha simbólica celebración que nos permitiu festexar a Cristo resucitado. A partir dun candelabro con diferentes luces, achegamos a Xesús, luz da resurrección, diferentes realidades de luz, de esperanza, ao ir prendendo diferentes candeas. Todo acompañado da lectura de Galeano, dun poema de Lorenzo Varela e das benaventuranzas de Pagola.



Opinión

Unha garza real sobrevoou o penal de Teixeiro

Xaquín Campo Freire



Benquerido amigo/a: Se buscas un notición, non sigas. Estoume a mover no terreo do "insignificante" para a ciencia. Lembras a "Milana bonita" de Delibes, o "Adiós, Cordera" de Clarín ou "o Pachín de Balbino", de Neira Vilas? Vou máis por aí.

Módulo 7

Martes, 12 de abril de 2011, ás 11:15, estabamos no patio do Módulo 7 uns vinte homes. Baixaran dos talleres para descansar un pouco. Comigo estaba un rapaz. Foi o primeiro que a viu: "Ollade! Unha garza real. Está desorientada. Perdeu o río. Despistouna esta mole de cemento". Gravei as verbas na miña memoria emocional.

Todos os ollos fitamos cara ela. Durante uns minutos deu voltas e reviravoltas, moi amodiño. Incluso empezou a baixar. Certamente estaba desorientada. Deixamos as conversas para atenderlle. E foise. Como ves, "todo insignificante". Pero eu vin bágoas en máis dunha cara. A outro entendinlle entre dentes: "Eu non quero seguir. Estou cansado". Aínda non tivemos tempo de falar do asunto. Tratarémolo no taller de terapia do próximo martes. "Ti non entendes o que significa isto para min!", dicimos tantas veces. O valor dos significantes e dos significados. Eu nunca me unirei aos que se lles enche a boca dicindo: "Ata que podrezan no cárcere!" Entendo a rabia das vítimas. Solidarízome con elas. Mais non entendo a demagoxia de quen rabuña aínda máis nas feridas para que sigan sangrando. Iso non cura a ninguén.

Significantes e significados

No meu internado, anos cincuenta, un colega, noviño e criado sempre en Ferrol contábanos a gargalladas como, cando foi á casa dos avós, na do lado morréralles un pucho, un becerriño. E aqueles 'pailáns' choraban "coma se" fose por unha persoa. Seu pai traballaba na Bazán e cobraba ben a final de mes. Este meu amigo, excelente compañeiro, estaba incapacitado para entender os significados. Non alcanzaba a ver o que supuña naquela casa aquel puchiño que morrera.

Temos atrofia de sensibilidades. Escoiteille un día a un eclesiástico de alto rango dicirlle aos sacerdotes: "Eso del gallego es cosa de políticos; lo nuestro es anunciar el Evangelio". Xesús de Nazaré nunca diría tal. Este tampouco entende nada, dixen para min. E lembreime daquel compañeiro meu. Confúndeo todo. A referencia á política non sei se o dixo pola cantidade de actos que copreside, onde a eucaristía pasa a ser un número máis da efeméride, veña a conto ou non. Como se pode así entender vitalmente a linguaxe sacramental? Estes son dos que berran se se lle dá a paz á familia do finado. Ou prohiben aplaudirlles a uns noivos, pero eles comezan a facelo cando vén o Papa. Vemos o problema dos significantes e dos significados na vida e tamén na linguaxe sacramental?

Que poden significar os complexos dun homiño, nacido e criado nos Peares, cando ataca a lingua do pobo que o criou, na que falaron todos os seus devanceiros?

"Ollade! Unha garza real. Está desorientada. Perdeu o río. Despistouna esta mole de cemento", dixo aquel rapaz, falando en profecía. Que parecido é o mundo ao patio dun penal nunha mañá na que o sol foi quen de rachar os fiaños dunha brétema que se mete coma unha mala nabiña na alma.

Non esaxere, señor arcebispo!

O domingo 1 de maio vaise celebrar en Roma a cerimonia de beatificación do anterior Papa, Xoán Paulo II. Non pasaron máis de cinco anos dende o seu falecemento e a consigna de "santo súbito" semella que callou no seu sucesor, Bieito XVI. Nestes días apareceron nos medios de comunicación artigos sobre este proceso, documentais sobre os seus milagres, así como valoracións enfrontadas sobre a súa figura. Coa intención de contribuír á reflexión sobre que significa ser beato ou santo na actualidade, achegamos o diálogo que se produciu entre Óscar Romero, arcebispo de San Salvador, e Xoán Paulo II en 1979. Monseñor Romero morrería mártir un ano despois, asasinado mentres celebraba unha eucaristía. A súa causa de beatificación aínda permanece aberta.

Diálogo entre Monseñor Romero e Xoán Paulo II

- Compréndame, eu necesito ter unha audiencia co Santo Padre...
- Comprenda vostede que terá que esperar a súa quenda, como todo o mundo.

Outra porta vaticana péchaselle nos narices.

Desde San Salvador e co tempo necesario para salvar os obstáculos das burocracias eclesiásticas, Monseñor Romero solicitara unha audiencia persoal co Papa Xoán Paulo II. E viaxou a Roma coa tranquilidade de que ao chegar todo estaría arranxado.

Agora, todas as súas precaucións parecen desvanecidas como fume. Os curiais dinlle non saberen nada daquela solicitude. E el vai suplicando esa audiencia por despachos e oficinas.

- Non pode ser -dille a outro-, eu escribín hai tempo e aquí ten que estar a miña carta...

- O correo italiano é un desastre!
- Pero a miña carta mandeina en man con...

Outra porta pechada. E ao día seguinte outra máis. Os curiais non queren que se entreviste co Papa. E o tempo en Roma, onde foi invitado por unhas monxas que celebran a beatificación do seu fundador, acábaselle.

Non pode regresar a San Salvador sen ver o Papa, sen contarlle todo o que está ocorrendo alá.

- Seguirei mendigando esa audiencia -aléntase Monseñor Romero.

É domingo. Logo de misa, o Papa baixa ao gran salón de capacidade superlativa onde o esperan multitudes na tradicional audiencia xeral. Monseñor Romero madrugou para lograr poñerse en primeira fila. E cando o Papa pasa saudando, agárralle a man e non lla solta.

- Santo Padre -reclámalle coa autoridade dos esmoleiros-, son o Arcebispo de San Salvador e suplícolle que me conceda unha audiencia.

O Papa asente. Por fin conseguiuno: ao día seguinte será. É a primeira vez que o Arcebispo de San Salvador se vai atopar co Papa Karol Wojtyla, que hai apenas medio ano é Sumo Pontífice. Tráelle, coidadosamente seleccionados, informes de todo o que está a pasar no Salvador para que o Papa se decatar. E como pasan tantas cousas, os informes avultan. Monseñor Romero tráeos gardados nunha caixa e móstrallos ansioso ao Papa nada máis iniciar a entrevista.

- Santo Padre, aí poderá vostede ler como toda a campaña de calumnias contra a Igrexa e contra un servidor se está a organizar desde a mesma casa presidencial.

Non toca un papel o Papa. Nin roza o cartapacio. Tampouco pregunta nada. Só se queixa.

- Xa lles dixen que non veñan cargados con tantos papeis! Aquí non temos tempo para estar lendo tanta cousa.

Monseñor Romeu estremécese, mais trata de encaixar o golpe. E encáixao: debe haber un malentendido.

Nun sobre aparte, levoulle tamén ao Papa unha foto de Octavio Ortiz, o sacerdote ao que a garda matou hai uns meses xunto a catro mozos. A foto é un encadre en primeiro plano da cara de Octavio morto. No rostro esmagado pola tanqueta desdebúxanse os trazos indios e o sangue esborránchaos aínda máis. Apréciase ben un corte feito cun machete no pescozo.



Encontro entre Monseñor Romero e Xoán Paulo II

Actualidade



Mural de San Romero de América



Momento do funeral de Óscar Romero

- Eu coñecía moi ben a Octavio, Santo Padre, e era un sacerdote cabal. Eu ordeneino e sabía de todos os traballos nos que andaba. O día aquel estaba dando un curso de evanxeo aos raparigos do barrio...

Cóntalle todo ao detalle. A súa versión de arcebispo e a versión que contou o goberno.

- Mire como lle esmagaron a cara, Santo Padre.

O Papa mira fixamente a foto e non pregunta máis. Mira despois os empanados ollos do arcebispo Romero e move a man cara atrás, como queréndolle quitar dramatismo ao sangue relatado.

- Tan cruelmente que nolo mataron e dicindo que era un guerrilleiro... -fai memoria o arcebispo.

- E seica non o era? -contesta frío o Pontífice.

Monseñor Romero garda a foto da que tanta compaixón esperaba. Algo lle treme a man: debe haber un malentendido.

Segue a audiencia. Sentados un fronte ao outro, o Papa dálle voltas a unha soa idea.

- Vostede, señor arcebispo, debe de esforzarse por lograr unha mellor relación co goberno do seu país.

Monseñor Romero escóitao e a súa mente voa cara El Salvador lembrando o que o goberno do seu país lle fai ao pobo do seu país. A voz do Papa faino regresar á realidade.

- Unha harmonía entre vostede e o goberno salvadoreño é o máis cristián nestes momentos de crises.

Segue a escoitar Monseñor. Son argumentos cos que xa foi amolado noutras ocasións por outras autoridades da Igrexa.

- Se vostede supera as súas diferenzas co goberno traballará de forma cristiá pola paz.

Tanto insiste o Papa que o arcebispo decide deixar de escoitar e pide que o escoiten. Fala tímido, mais convencido:

- Mais, Santo Padre, Cristo no evanxeo díxonos que el non viñera a traer a paz senón a espada.

O Papa crava aceiradamente os seus ollos nos de Romero:

Non esaxere, señor arcebispo!

E acábanse os argumentos e tamén a audiencia.

Todo isto contoumo Monseñor Romero case chorando o día 11 de maio de 1979, en Madrid, cando regresaba apresuradamente ao seu país, consternado polas noticias sobre unha matanza na Catedral de San Salvador.

Testemuño de María López Vigil, autora do libro PIEZAS PARA UN RETRATO, UCA Editores, San Salvador 1993. Extraído de http://galiza-sosego.blogspot.com/2007/03/xxvii-cabodano-oscar-arnulfo-romero_9639.html



DEPUTACION DA CORUÑA
www.dicoruna.es

EDITA: Asociación A. IRIMIA **FEITO EN PAPEL RECICLADO**

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253 / subscricions@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia .org


CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Ninfa, Riveiro, Martínez

ISSN: 2172-9182 **IMPRIME:** Artes Gráficas LITONOR S.A.L. **DISTRIBÚE:** IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: http://asociacion-irimia .org/revista.xhtml

Boa Nova



A PALABRA

DOMINGO 15 DE MAIO. 4º DE PASCUA
Xn 10, 1-10

Naquel tempo, díxolles Xesús aos fariseos: "Con toda verdade volo aseguro: o que non entra pola porta no curral das ovellas, senón que sobe por outra parte, é un ladrón e un bandido.

En troca, quen entra pola porta é o pastor das ovellas. A ese ábrelle o porteiro, e as ovellas escoitan a súa voz. Chama as súas polo nome e lévaas a fóra. Cando as dá sacado a todas, vai diante delas e as ovellas ségueno, pois recoñecen a súa voz. Mais a un alleo non o seguirán, senón que fuxirán del, pois non coñecen a voz dos alleos." Díxolles Xesús esta alegoría, mais eles non coñeceron que era o que lles daba a entender. Entón díxolles de novo: "Con toda verdade volo aseguro: eu son a porta das ovellas. Todos os que viñeron antes ca min eran ladróns e bandidos; pero as ovellas non os escoitaron. Eu son a porta; se alguén entra por min, salvarase: entrará e sairá e atopará pasto. O ladrón non entra senón para roubar, matar e estragar. Eu vin para que teñan vida e para que a teñan de abondo".

O ECO

"Nós mesmos debemos ser o cambio que desexamos ver no mundo"

Mahatma Gandhi

A CLAVE

Para comentar o evanxeo de hoxe, coñecido comunmente como o "discurso do Bo Pastor", cómpre non termos en conta o capítulo precedente. Coa parábola inicial, a porta do curral, Xesús está a responder aos fariseos, que non só o atacaran a causa da curación do cego, senón que tamén excomungaran a este. Fronte a acción de Xesús, que busca o ben e a salvación do cego, os fariseos, preocupados unicamente polo seu poder e a mantenza dos seus intereses no templo, non dubidan en condenar e excluír do templo os máis necesitados con tal de consolidar a súa posición. Estes son en verdade os ladróns e os bandidos.

Xesús recorre á imaxe dun pastor e o rabaño para amosar a relación entre Deus e o seu pobo. Esta non era unha imaxe nova para os xudeus: Iavé aparecía cualificado como pastor noutros textos bíblicos (Xénese 48, 15; Ezequiel 34; Xeremías 23, 3), mais especialmente no Salmo 23, cando o salmista canta: "O señor é o meu pastor: nada me falta." Deste xeito, a figura que Xesús propón insírese perfectamente na tradición xudía, malia que o autor do cuarto evanxeo lle achegue unha singularidade: estamos ante un pastor que dá a súa vida polas ovellas. Coñecendo a distancia temporal entre a redacción deste evanxeo e os feitos que narra, o autor está a se dirixir ás comunidades para as que está escrito este evanxeo, incorporando a paixón e morte de Xesús, como un signo máis do Bo Pastor, que deu a vida por nós, para a salvación de todas as persoas.

Mais os xudeus non entenderon a parábola. Xesús insiste coa parábola da porta e do pastor para insistir en que un novo tempo estaba xa a actuar: o tempo do Reino. Para o cumprimento das leis de Iavé xa non abonda unicamente co respecto ás leis de Moisés, como viña de ficar manifesto co episodio da curación do cego de nacemento. O Reino de Deus, quer dicir, a salvación, atopábase no seguimento de Xesús: el era a porta, de entrada e de saída. O sentido último da vida, o desenvolvemento pleno e íntegro das persoas, xa non ficaba no cumprimento ritualista da lei senón no compromiso pola xustiza e polos máis necesitados. Porque "Eu vin para que teñan vida e para que a teñan de abondo".

José A. Martínez

Falando da lingua

Lidia e Valentina

Maio, do latín *maius*, era o mes de Maia, deusa da primavera, dadora de vida e destrutora de todo mal, filla de Atlas, o xigante condenado a soster o mundo sobre as súas costas.

En maio hai moitas festas, comezando polo día 1, que cando esta revista chegue ás vosas mans xa terá pasado, igualmente que xa teredes celebrado o primeiro domingo de maio o día da nai, mai para outros (forma que tamén se recoñece como normativa), do latín *mater*, que non sabemos se será tamén o día de *El Corte Inglés*…

Con todo, este ano comezamos o mes celebrando un primeiro de maio polo alto. Por un lado, cumpríanse 125 anos de que se declarase este coma o día internacional da clase obreira (por morreren en Chicago uns traballadores que reivindicaban a xornada laboral de 8 horas). Polo outro tamén tivo lugar outra festa moi sonora, aínda que puntual: celebrouse a beatificación de Xoán Pablo II. A todo santo lle chega o seu día, nunca tan ben dito! Xa pasaron 6 anos da fumata branca e do "habemus papa" , por certo recordamos a etimoloxía da palabra papa: vén do latín co significado de "pai venerable", e xa era o termo de respecto que empregaban os gregos para dirixirse aos eclesiásticos. Dirémosvos que dese *papa* latino tamén vén a denominación do teu papá e mais do noso; si, ao noso proxenitor ao primeiro tamén se lle chamou "papa", pero ", pero no S. XVIII a corte borbónica introduciu a forma afrancesada "papá" en Madrid e de aí xa se estendeu a todo o territorio.

E posta ser lingüistas teremos tamén que aclarar a orixe do termo beatificar. Esta palabra tamén ten a súa orixe no latín, en *beatificare*, *beatum facere*, facer feliz; considérase que o beatificado é un ser plenamente feliz porque seguiu o camiño de Cristo en grao de imitación heroica. Complicado!

Ademais en Galicia, este 1º de maio, coma todos os primeiros de maio celebrouse, parece que desde a prehistoria, a festa dos maios. Comezou cando os primeiros homes se preguntaban sobre esa forza renovadora que cada ano, tras a época das chuvias e o frío facía nacer a semente o revestía os campos de tantas cores.

Érguete maio

que tanto durmiches;

xa pasou o inverno

e ti non o viches

O Fachineiro do informe PISA

Racismo boreal



É unha hipótese deste fachineiro -corroborada pola experiencia diaria- que un terzo da poboación mundial, de calquera continente, país ou lugar non atopa clasificación doada dentro do homo sapiens sapiens. E iso tirando polo baixo. Trátase dunha xentiña á que non se lle pegou nada do camiño evolutivo do último millón de anos. Veume isto á cabeza a propósito do resultado das eleccións finlandesas, na que o partido xenófobo Verdadeiros Finlandeses multiplicou por oito o número de escanos. A cousa é que cando vemos os resultados do Informe Pisa, ese que avalía o rendemento dos estudantes, todos os medios nos pasan polo nariz os resultados dos fineses, sempre á cabeza. Alí están eles á fronte do mundo en competencia lectora, en ciencias, en mates. Non hai fracaso escolar, ningún alumno se deixa atrás, saen da súa clase co seu Mac debaxo do brazo a gozar da lectura na casa. E agora pregúntase este fachineiro que gardan eses discos duros, con que libros gozan eses estudantes ideais, para que lles serviu a súa excelencia escolar. E isto no país dos listos. Se aínda os burros estivésemos a salvo de pensar que os inmigrantes veñen comernos os ollos ou que os do Sur son vagos e maleantes. Pero miren vostedes para Holanda, Francia, Italia, ao lado.

A.Q.